



ANUNCIO - NOMEAMENTO PEÓN INTERINO

O 07.12.2017 ditouse a resolución de alcaldía núm. 1396/2017 que di:

“[...]”

PRIMEIRO.- Nomear como funcionaria interina dunha praza do grupo: agrupación sen titulación; escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: persoal de oficios; denominación: peón, para a substitución transitoria dun traballador municipal adscrito ao posto de traballo co código 06.01.00.13 e que se encontra de baixa ata o 21.12.2017 a:

-Emma María Hermida López co NIF núm. 32685506E.

No caso de que, chegada a data indicada, o traballador municipal siga de baixa, poderá continuar prestando servizos a funcionaria interina na súa substitución sempre e cando exista crédito adecuado e suficiente para esa finalidade.

Ademais dos supostos contemplados na normativa, serán motivo de cese da funcionaria interina a falta de existencia de crédito adecuado e suficiente ou dos requisitos esixidos e analizados neste momento -excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable nun servizo público esencial-.

SEGUNDO.- Requirir ao funcionario/a interino/a que proceda a tomar posesión do posto de funcionario interino, nun prazo máximo de catro días hábiles, debendo achegar, con carácter previo, a seguinte documentación:

- Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten “a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas de peón”.
- Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separada nin inhabilitada do servizo público.

Se no prazo indicado, non presenta a documentación requirida, o resultado do recoñecemento médico fose “non apto” ou non toma posesión do posto de funcionario interino, quedará sen efecto o nomeamento realizado (salvo que poida acreditar un suposto de forza maior).

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se entenda desestimado por silencio administrativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

C I F : P - 1 5 0 3 6 0 0 - G



Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do concello.

CUARTO.- Publicar esta resolución na páxina web do concello”.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

CIF: P-1503600-G